

A detailed oil painting of Ludwig van Beethoven, showing him from the chest up. He has thick, wavy, grey hair and is looking slightly to the right with a serious, intense expression. He is wearing a dark coat over a white high-collared shirt and a red cravat. The background is dark and textured, suggesting an outdoor setting with foliage.

BEETHOVEN

SINFONÍA 5 EN DO MENOR, OP. 67, 1º MOVIMIENTO

<https://www.youtube.com/watch?v=evr7pgSsVo>

[0](#)

A Sinfonía nº 5 en do menor, op. 67, foi composta por Ludwig Van Beethoven entre 1804 e 1808. Esta sinfonía é unha das composicións máis populares e interpretadas da música clásica. Cando nos referimos a música clásica normalmente referímonos a todos os períodos, pero en realidade este término só se lle atribúe ao Clasicismo. Consta de catro movementos, comezando cun allegro de sonata, continúa cun andante e finaliza cun scherzo.

O máis destacado desta obra é o seu comezo, cun motivo de catro notas “corto-corto-corto-largo (ta-ta-ta-taa), repetido dúas veces.



Esta sinfonía e o motivo en particular, son conocidísimos mundialmente. Aparece en xéneros de música disco e rock and roll e tamén fai aparicións en películas e televisión.



*Beethoven cando
empezou a compoñer a
Quinta Sinfonía*

Cando Beethoven comezou a compoñer esta Sinfonía, xa estaba chegando aos 40 anos, e a súa vida persoal estaba marcada pola angustia que lle causaba o aumento da xordeira; pero a pesar disto, xa entrara no proceso de “furia creativa”.

Europa estaba marcada polas guerras napoleónicas, a axitación política en Austria e a ocupación de Viena polas tropas de Napoleón no 1805.



VIDA PERSOAL

Beethoven naceu no 1770 en Bonn (Alemaña) e morreu no 1827, con tan só 56 anos. Foi un célebre compositor e pianista alemán conocido sobre todo por as seguintes obras musicales: Para Elisa, Claro de Luna e Novena Sinfonía.

Durante os seus primeiros anos de vida, tivo unha esixente formación musical por parte de seu pai, que vivía obsesionado con que o seu fillo se convertira no novo Mozart. Esta ambición repercutiu directamente na vida persoal, académica e social de Beethove, convertíndoo nun neno introvertido e miedos e facendo que fora un mal estudante, xa que estaba demasiado cansado para atender ás clases despois de pasarse toda a noite ensaiando no piano.

Con tan só sete anos, Beethoven daba recitales de piano e deixaba asombrado ao público, entre eles a Christian Gottlob Neefe, que quedou tan impresionado ca habilidade de Beethoven, que quixo guiar, enriquecer e perfeccionar a súa formación.

A handwritten signature in black ink that reads "Ludwig van Beethoven". The script is fluid and cursive, with the first letters of "Ludwig" and "Beethoven" being significantly larger and more decorative than the rest of the text.

Aos 10 anos abandona a escola para adicarse enteiraamente á música, e aos 16 anos, a nobreza de Bonn fináncialle un viaxe a Viena para aprender do mellores, entre eles, de Mozart. Pero ao pouco de chegar a Viena, considerada a capital da música, a súa nai enfermou e tivo que regresar a Bonn.


Di a tradición que Beethoven tivo a oportunidade de tocar o piano nun recital no que Mozart estivo presente, e que o deixou tan fascinado que dixo: “Este xoven fará falar ao mundo”.

Despois da morte de súa nai, o seu pai caeu nunha profunda depresión, que fixo que Beethoven tivera que facerse cargo dos seus irmáns pequenos tocando a viola e dando clases de piano. Aínda así, esto non durou moito tempo, xa que o seu extraordinario talento era cada vez máis coñecido e moitas persoas estaban interesadas en financiar a súa completa dedicación á música.

Pasou 10 anos sendo un músico economicamente independente, ata que aos 30 anos comezou a experimentar serios problemas auditivos.



O compositor probou diversos procedementos para evitar quedarse sordo, pero ningún deles funcionou. Foi tanta a impotencia que sentía que incluso valorou a idea de suicidarse, pero sabía que aínda tiña moita música que regalarlle ao mundo e seguiu compondo ata a súa morte deixándonos 9 sinfonías, 32 sonatas, dúas misas e unha ópera. Todas estas obras conságrano como un dos mellores músicos de tódolos tempos.



ANÁLISE MUSICAL

A Sinfonía número 5 en Do menor, op. 67, foi composta entre 1804 e 1808. Consta de catro movementos. empeza con un allegro de sonata, continúa cun andante, e termina cun scherzo que enlaza directamente co finale, un elemento de continuidade musical moi novedoso e orixinal.

O primeiro movemento (Allegro Vivace) é un exemplo paradigmático da fomra sonata.

Esta obra estreouse nun concerto de máis de catro horas de duración celebrado no Teatro an Der Wien, de Viena.

A escasa preparación do concerto (houbo un único ensaio), o frío invernal que facía na sala, e o cansacio tanto do público como dos músicos pola larga duración do programa, foron os responsables de que esta obra tivera unha mediocre execución e de que o público non acollera ben a sinfonía.



A pesar deste pouco prometedor debut, sucesivas e mellor planificadas presentacións desta obra concedéronlle fama en Alemaña, e despois tería unha difusión internacional que sería máis intensa tras a morte do compositor. Pronto esta obra se converte na sinfonía Beethoveniana máis frecuentada nas salas de concertos e unha das máis populares de todos os tempos, sobre todo na Segunda Guerra Mundial, ao atoparlle o bando aliado ao famoso motivo inicial de catro notas outro sentido.



O primeiro movemento, en Do menor, ten forma de Allegro de Sonata. Consta de unha Exposición, Desenvolvemento, Reexposición e Coda.

A Exposición consta de dúas seccións, A en Do menor, e B en Mi bemos Maior.

A sección A expón un tema A construído a partir do motivo principal de catro notas. O motivo é exposto ao principio en unísonos e despois desenvóllese mediante unha textura imitativa que culmina primeiro nunha semicadencia, e despois nunha cadencia perfecta. Séguelle unha breve transición de dous acordes ao tema B, que se inicia cunha chamada do motivo principal nas trompas que dá paso ao tema B. Este é de carácter lírico e conclúe de forma triunfal baseada no motivo principal.

<https://soundcloud.com/bustena/sets> :Obra dividida por partes

<https://www.youtube.com/watch?v=zKAsHdUrtso> : Seguimento da Obra

O Desenvolvemento iníciase cunha dramática chamada do motivo principal que sitúa a tonalidade en Fa menor. O tema inicial vai por quintas nas tonalidades de Do menor (I) e Sol menor (Vm). Esta última tonalidade exténdese nos novos desenvolvementos do motivo principal. Unha nova progresión recorre o camiño inverso ata Fa menor.

Aparece unha pasaxe dunha harmonía errante, na que os coros de madeira e corda se alternan alcanzan tonalidades remotas de Si bemol menor e Fa sostenido Maior, para alacanzar despois Sol Maior, e enlazar ca Reexposición mediante unha peroración do motivo principal que acada o clímax no inicio da Reexposición.

The image shows a musical score snippet in G minor, marked with a circled number 40. The score is in 3/4 time and features a complex cadence. The bass line includes the following chords: V_{+4}^2 , I_6 (marked *sf*), ii_6 (marked *sf*), I_6^+ (marked *sf*), V_7^+ , and (I) . The treble line includes dynamics such as *f*, *ap*, *p*, and *con espress.*. The final chord is labeled $kvii^o/V$ with the note 'mixtura' written below it.

Como es común en el período clásico, la cadencia auténtica casi siempre tiene el 6/4 cadencial antes del V.

A Reexposición, reexpón o Tema A enunciando o motivo principal mediante un tutti en fortísimo. O Tema A interrómpe-se despois da súa primeira semifrase para dar paso a unha breve cadencia de oboe. A Sección B recapitúlase en Do Maior sen moitos cambios, aunque agora o final dela condúcenos a unha Coda.



A Coda desarrolla un novo motivo principal en Re Bemol Maior e amplifícao despois na tonalidade principal mediante progresións melódicas en tutti ata chegar a un asertivo final baseado de novo no motivo principal.

OPINIÓN PERSOAL

Cando compón esta sinfonía estaba chegando aos corenta anos, e a súa vida persoal estaba marcada pola angustia que lle causaba o aumento da sordeira, pero xa entrar nun proceso imparabile de furia creativa. Estas situacións refléxaas a obra. Ademais, no plano cultural, Europa estaba marcada polas Guerras Napoleónicas, e a ocupación de Viena polas tropas de Napoleón.

Aínda así, para min, a mellor Sinfonía de Beethoven é a 9, que é unha obra completísima en todos os aspectos e moi emotiva, e o movemento que destaca nela é o terceiro.

<https://www.youtube.com/watch?v=tpGSzH0Wlls> : Novena Sinfonía na película de Beethoven